

El Correo Gallego

O Correo Galego



4 / Venres, 12.I.1996 / O Correo Galego

GALERÍA DE ARTE

Memorias de ultratumba

O espacio incomparable da Igrexa de San Domingos de Bonaval foi elixido expresamente por Christian Boltanski para viaxar ó mundo dos mortos. O artista francés fixo unha posta en escena de impacto, de choque repentino que produce un sobrecolleemento emocional. A mostra parece soar tralos acordes da marcha fúnebre de Chopin, e conducirnos cara ó país das lembranzas porque o mesmo que esta peza musical tamén a obra deste artista nos trae ó maxín vivencias pasadas que renacen indefectiblemente.

Estas pezas volumétricas non poderían quedar colocadas en lugar máis apropiado, xa que amén de estaren, xa de por si, cargadas de contido relixioso, ó situalas nun espacio cristián, a transcendentalidade da obra, faise aínda máis patente. É neste marco onde os obxectivos adquiren a súa función, pensemos nesas caixas de galletas de antano, foron colocadas unhas enriba doutras, de tal modo que conforman ataúdes, cada unha delas leva unha fotografía de alguén, un ser anónimo que xa non está aí e que non vai estar. Desta maneira logrou viaxar como Orfeo á illa dos mortos e tróuxono-la súa memoria, é a memoria de miles de persoas

que pasaron polo mundo e que deixaron unha pegada moi pequena nuns casos, enorme noutros. As caixas de latón, son elementos recorrentes na produción de Boltanski que lle permiten rexistrar unha mensaxe expresiva, directa.

Os espacios da Igrexa adquiren da man do artista unha densidade ambiental que incide directamente na sensibilidade. Así, os insígnies galegos que habitan os sepulcros desta solemne arquitectura parece que abandonan os seus leitios e se convierten en sombras axexantes, esqueletos con gadañas, iconografías mortuorias que nos falan da vaidade do terreal e da súa caducidade. Unha mostra diso é a instalación dun anxo na cúpula. O anxo, mellor a sombra do anxo, aparece e desaparece. É que toda a mostra tende a estar baixo o espírito da performance, a representación pasa case inmediatamente para que perdue a lembranza. A lembranza é tamén o que nos queda ó ver espaxados polo chan abrigos, ready-mades Duchampianos que rememoran unha catástrofe que deixou uns símbolos, unhas vítimas. É como toca-la carne da humanidade e recolle-la alma da historia pasada.

Fátima Otero